

## OBSERVACIÓN E IDENTIFICACIÓN DE MICROORGANISMOS.

---

### MATERIAL NECESARIO

Auga estancada, contagotas, microscopio, porta e cubre obxectos, microscopio, panos de papel, microscopio, debuxos/fotografías de microorganismos.

### FUNDAMENTO

Con esta experiencia imos observar microorganismos, como protozoos e algas, en viven en augas doces. Debido o seu pequeno tamaño, é necesario visualizalos ao microscopio. A auga estancada é un dos medios onde os poderemos atopar en maior abundancia, xa que alí é onde atopan todos os nutrientes necesarios para vivir.

### PROCEDEMENTO

Uns días antes da realización da práctica recolleemos auga estancada dunha poza, lagoa ou borde dun río. Tomamos mostras a distinta profundidade, xa que os organismos que habitan en cada zona son moi diferentes.

1. Cun contagotas, depositamos unhas gotas de auga nun porta obxectos limpo, e a continuación cubrímolos cun cubre obxectos.
2. Secamos o exceso de líquido cun pano de papel.
3. Observamos a preparación ao microscopio, non esquezas comezar polo obxectivo de menor aumento. Cando localices un microorganismo, obsérvao a maior aumento, con fin de ver con detalle as súas estruturas.

### ACTIVIDADES

A) No seguinte cadro fai debuxos dos microorganismos que atopaches e trata de identificalos.

B) Cales deles son algas e cales protozoos? En que te baseaches?

C) Sinala as diferenzas entre algas e protozoos.

D) Que movementos presentan os protozoos que observaches? E as algas?

E) Clasifica os protozoos identificados polo seu xeito de desprazarse.

F) Como cres que se desprazan as algas na auga?